
Cedofeita



Asociación Sociocultural CEDOFEITA · Lérez · Pontevedra · Agosto 2018 - nº 22

Declive no Mosteiro de Lérez. Frei Leandro Hevia

Arturo Sánchez Cidrás

Neste artigo lembrarémonos dos últimos momentos da vida monacal en Lérez e achegarémonos á figura do párroco[1] Frei Leandro Hevia González e o seu acontecer nun período (1835-1863) convulso da vida política e relixiosa do país no século XIX.


Para contextualizar algúns dos feitos nos que se viron involucrados mosteiro e freire, e así poidamos interpretar mellor o personaxe, imos dar de cando en vez unhas breves pinceladas do acontecer sociopolítico no que se desenvolveu o noso protagonista.

Houbo un grande rebumbio entre a ducia de monxes e irmáns da "*abadía humilde y pequeña*" (Crisanto Rial, 2008: 49) de Lérez cando se decataron que o rei Fernando VII sancionara o 25 de outubro de 1820 a '*Lei de supresión de Ordes monacais e redución de Mosteiros e número de conventos*', onde no seu 1° artigo xa comezaba dicindo: "*Se suprimen todos los monasterios de las órdenes monacales; los canónigos regulares de San Benito...*"[2]. Eran sabedores de que a consecuencia desta Lei en Galicia suprimiríanse unha trintena deles entre os que se atoparía o seu (López Moran: 1995, 183). E así sucedeu, "*foron exclaustrados os monxes de Lérez e vendidos os utensilios de cociña e refectorio e os enseres de frades e estudiantes*"[3](Estévez Solla e Álvarez Castro: 1998).

En abril de 1923 coa entrada en España do exército francés, o coñecido como dos "*Cen mil fillos de San Luís*", e reprimido nuns meses todo conato de resistencia[4], repúxose a Fernando VII[5] e con el o absolutismo que facilitou de novo a reintegración á vida monacal e colexial do mosteiro de Lérez que foi reocupado de novo (por 16 persoas, entre monxes e estudantes). O mosteiro mantíñase con grandes dificultades, non só polos inconvenientes económicos senón tamén polo desapego social e relixioso dunha grande parte dos veciños influenciados pola vida relaxada dalgúns monxes e pola propaganda contra destes dunha parte influínte dos políticos do momento.

Como colexio[6], e con frades, continuou ata o1835 sendo abade Frei Ignacio Fernández de Ulloa (1832-1835) que, tal como sinalan Ernesto Zaragoza[7] e Crisanto Rial[8], sería o último e que, aínda que non efectivo, mantivo o título de abade de S. Salvador de Lérez ata a súa morte.

Este ano de 1835 sería crucial na vida de moitos mosteiros e conventos españois xa que polo "*aumento inconsiderado y progresivo de monasterios y conventos, el excesivo número de individuos de los unos y la cortedad del de los otros, la relajación que era consiguiente de la disciplina regular, y de los males que aquí se seguían...*"[9] (Gazeta de Madrid: n° 211;1835, 841-842) así como polo apoio de moitos prelados[10] aos carlistas e políticos absolutistas, pola grande débeda das finanzas do estado[11], etc. o goberno lexislou o que se coñeceron coma leis desamortizadoras e exclaustradoras do Goberno Mendizábal.



Claustro.

O Real Decreto de 25-07-1835 entre outras condicións suprime "*los monasterios y conventos religiosos que non tengan 12 individuos profesos, de los cualeslas dos terceras partes á lo menos sean de coro*". A súa aplicación é ampliada polos Reais Decretos do 19-2-1836

1 *Quizais o primeiro párroco no sentido "su usque peculiaris rector" ou "reitor específico" que recolle falando da parroquia o Canon 216 da Sección II do Codex Iuris Canonici promulgado en 1917 por Benedicto XV, xa que ata ese momento sería o conxunto da comunidade relixiosa a encargada de servir de "guía" dos fregueses.*

2 *Gazeta de Madrid, núm. 123, publicada o 29/10/1820, páxina 544.*

3 *ESTEVEZ SOLLA, X. Lois e ÁLVAREZ CASTRO, Xosé. Revista CEDOFEITA n° 2 "O mosteiro de Lérez", 1998 ou http://cedofeita.arcanaverba.org/most.htm*

4 *En Galicia (Coruña), no mes de agosto de 1823.*

5 *Dando pé ao que se coñece como 'A Década Ominosa' (1823-1833)*

6 *Desde mediados do s. XVII o colexio do mosteiro de Lérez foi un centro de formación moi relevante tanto polo nivel do profesorado que impartiu clases nas súas aulas como polo seu alumnado. Tal como o cita Zaragoza Pascual, Ernesto en "Profesores del colegio benedictino de San Salvador de Lérez (1661-1835) Museo de Pontevedra. Vol. 56, 2002. Páx. 182:"... ilustre porque por sus aulas, abadiato y cátedras pasaron monjes que luego ejercieron cargos importantes dentro y fuera de la Congregación. [...] Por eso el monasterio-colegio de Lérez merece un lugar destacado entre las abadías benedictinas de Galicia, no por su importancia patrimonial sino por su aportación a la formación de la flor y nata de los monjes de la Congregación de Valladolid".*

7 *(Ernesto Zaragoza, 1994: 430)*

8 *(Crisanto Rial, 2008: 79)*

9 *Real Decreto. Gazeta de Madrid n° 211. Mércores 29 de xullo de 1835*

10 *Como o da Diocese Compostelá, P. Rafael de Vélez. Seu nome era Manuel José Anguita Téllez (Vélez 1777-Padrón 1850). Era da orde dos Franciscanos Capuchos. Ao longo das súa bibliografía e da súa actitude persoal foi un firme opositor constitucionalista, defensor dos valores máis rancios do Antigo Réxime, belixerante contra as ordes de exclaustración e a desamortización das ordes relixiosas, etc. o que lle custou moitas penurias incluíndo o desterro en Menorca.*

11 *Incrementada neses momentos pola Guerra Carlista que os partidarios do irmán de Fernando VII, Carlos M[a] Isidro de Borbón, mantiñan contra o goberno e partidarios da súa filla Isabel (nese momento representada pola rexencia da súa nai M[a] Cristina).*


Número 211.

MIÉRCOLES 29 DE JULIO DE 1835.

Este periódico sale todos los dias, y se suscribe en Madrid en el despacho de la Imprenta Real, y en las provincias en todas las administraciones de Correos.

PRECIOS DE SUSCRIPCION.

	Año.	Medio.	Tres meses.
Para Madrid	240	120	60.
Para el Reino	320	160	80.
Para Canarias	380	190	95.
Para Indias	400	200	100.

GACETA DE MADRID.

ARTICULO DE OFICIO.

S. M. la Reina nuestra Señora, su augusta Madre la Reina Gobernadora, y la Serma. Sra. Infanta Doña María Luisa Fernanda, continúan sin novedad en su importante salud en el Real Sitio de S. Ildefonso.

REALES DECRETOS.

Queriendo dar un público testimonio al conde de Toreno, Presidente del Consejo de Ministros, del aprecio que hago de sus nobles sentimientos, y de los distinguidos servicios que con su extensa ilustracion y zelo está prestando en obsequio de mi muy querida Hija, y que tanto le recomiendan en mi Real ánimo; He venido en nombrarle gentilhombre de Cámara de la Reina.=Está rubricado de la Real mano.=En San Ildefonso á 24 de Julio de 1835.=Al marques de Valverde.

EXPOSICION A S. M.

Señora: La necesidad de saludables y prudentes reformas en el clero secular y regular ha sido reconocida hace largo tiempo por el Reino junto en Córtes, que no dejó de clamar constantemente para que se pusiese un coto á los extravíos de un celo indiscreto y piedad mal entendida, que tantos perjuicios y males ocasionaron al Estado; y tambien por el suprimido Consejo y Cámara de Castilla, que frecuentemente elevaron su voz respetuosa hasta el trono, proponiendo los remedios que estimaron convenientes para atajar las demasías del estado eclesiástico secular y regular, ocasionadas por el demasiado número de clérigos y conventos con relajacion de la disciplina regular. Los augustos predecesores de V. M. se ocuparon de objetos tan importantes, ya solicitando comisiones apostólicas para preparar y realizar las reformas; ya celebrando concordatos con la Santa Sede y obteniendo de ella bulas y breves sobre determinadas materias; ya dictando por sí mismos, en uso de su incontestable derecho de soberanía y como protectores de los cánones y de la Iglesia, muchas medidas generales y particulares que se hallan consignadas en las leyes de la Novísima Recopilacion. Pero no habiendo sido ejecutadas estas en gran parte, y siendo ademas insuficientes para lograr y realizar los deseos tan altamente manifestados por todos los buenos ciudadanos de todas clases y estados, tan piadosos y religiosos como amantes del bienestar y prosperidad de su patria, V. M. siempre solícita en procurar á los españoles todos los bienes que esperan del reinado de vuestra excelsa Hija mi Señora Doña Isabel II, se dignó crear por decreto de 22 de Abril del año próximo pasado una Junta compuesta de eclesiásticos del clero secular y regular, recomendables por su virtud, ciencia, dignidad y adhesion sincera á la legitimidad, y de seglares no menos recomendables, para que tomando las noticias convenientes propusiese á la Real aprobacion de V. M. el plan de mejoras que creyese mas útil, sirviendo de base á sus operaciones la instruccion que V. M. tuvo á bien darle al propio tiempo con el laudable objeto de que tenga efecto la reforma, recibiendo sin embargo los fieles abundante pasto espiritual. Despues de un año de un trabajo asiduo, y del mas detenido exámen, la Junta ha elevado á las Reales manos de V. M. el fruto de sus meditaciones, proponiendo las bases que han de servir de cimiento á las reformas del clero tanto secular como regular en todas sus partes. Estas bases, que serán examinadas por el Gobierno de V. M. con la detencion y madurez que exige materia tan importante y trascendental, mientras que la Junta continúa en la formacion de los reglamentos que son necesarios para ponerlos en accion, darán materia á diferentes proyectos de ley que se someterán oportunamente á la aprobacion de los Estamentos, contando en los puntos que sea necesario ó conveniente la intervencion y previa cooperacion de la potestad eclesiástica, con la cabeza de la Iglesia, ó bien con los prelados diocesanos, segun su naturaleza. Pero es mi deber llamar desde ahora mismo la soberana atencion de V. M., sin perjuicio de hacerlo tambien sobre otros puntos de la sola competencia del Gobierno, respectivo de las bases que tratan de la supresion de los monasterios y conventos de hombres que carecen del número de 12 religiosos, que segun varias constituciones pontificias son necesarios para formar comunidad, y para cumplir sus individuos con la observancia de la disciplina religiosa, porque para llevarlas á debido efecto no se necesita el concurso del poder legislativo ni el de la autoridad eclesiástica. V. M. como protectora de la Iglesia y de los cánones, y con especialidad del Santo Concilio de Trento, no solo tiene un derecho, sino que tambien este mismo carácter la impone la obligacion de velar para que se cumplan puntualmente las disposiciones canónicas, haciendo cesar los abusos que se hayan podido introducir en la disciplina monástica y trascurso de los tiempos. Y resultando de la estadística que ha formado la Junta, segun los datos que le han suministrado los prelados regulares, que existen muchos monasterios y conventos de hombres en los que, por la falta del número canónico de religiosos, no se puede observar como se debiera la disciplina religiosa, no puedo menos de proponer á V. M. que se digne mandar que queden suprimidos desde ahora todos los que estan en este caso, haciéndose lo propio en lo sucesivo á medida que queden reducidos á menor número de individuos ya designado. Ruego á V. M. que si esta medida merece vuestra Real aprobacion, como la ha merecido del Consejo de Ministros, se digne rubricar el decreto que tengo el honor de presentarle, en el cual se halla consignada con otras disposiciones que se derivan necesariamente de ella, y las excepciones que reclaman el bien del Estado y de la Iglesia. La consecuencia inmediata de este decreto será, Señora, la supresion de mas de 900 casas de las órdenes religiosas, que es casi una mitad de las que existen en el dia, segun la nota nominal que ha presentado la misma Junta; y la aplicacion de sus propiedades para la amortizacion de la deuda del Estado. Segun aquella nota se suprimen 45 monasterios de las diferentes órdenes: 158 conventos de dominicos; 181 de franciscos: 77 de descalzos: 7 de terceros: 29 de capuchinos: 88 de agustinos calzados: 17 de recoletos: 37 de carmelitas calzados: 48 de idem descalzos: 36 de mercenarios calzados: 27 de idem descalzos: 30 de S. Juan de Dios: 11 de premostratenses: 6 de clérigos menores: 4 de agonizantes: 3 de servitas: 62 de mínimos: 37 de trinitarios calzados, y de idem descalzos 7. Ademas se deben suprimir tambien los monasterios y conventos que hayan perdido dicho número de individuos con posterioridad á la remision de las noticias á la Junta por los prelados superiores, y los que teniendo el número de 12 profesos, no son sus dos terceras partes á lo menos de coro, los cuales no estan comprendidos en la estadística que ha formado la Real junta eclesiástica. S. Ildefonso 25 de Julio de 1835.=Manuel García Herreros.

El aumento inconsiderado y progresivo de monasterios y conventos, el excesivo número de individuos de los unos y la cortedad del de los otros, la relajacion que era consiguiente de la disciplina regular, y los males que de aquí se seguian á la religion y al Estado, excitaron mas de una vez para su correccion el celo de los Reyes de España, el del reino junto en Córtes, y aun el de la santa Sede. Así es que por una de las condiciones de millones se previno que no se concediesen licencias para las nuevas fundaciones de monasterios, aunque fuese con título de hospederías, misiones, residencias ú otro cualquiera; y que la Silla Apostólica ha expedido varios breves cometidos á prelados de estos reinos para la reforma en ellos de los regulares, la que sin embargo no llegó á tener el efecto deseado por circunstancias imprevistas. De aquí procede que existan hoy en


(desenvolvido polo Regulamento do 8 e 24 de marzo de 1836) na que os bens das ordes suprimida pasaban a bens nacionais e logo postos á venda; e polo Real Decreto de 29-7-1837 no que se amplían os conventos e mosteiros relixiosos intervidos.

O de Lérez encaixaba perfectamente nos mosteiros a suprimir pois a pesar de que tiña máis de "12 individuos"[12], a meirande parte eran estudantes e irmáns leigos[13] e só uns poucos monxes de coro (sacerdotes dedicados a orar, ao estudo e á docencia) polo que os inquilinos do mosteiro lerezán víronse forzados a abandonalo (Zaragoza Pascual: 1994, 409). Como solución de urxencia á espera de tempos mellores (como sucedera no 1820) o abade, Frei Ignacio Fernández de Ulloa, propúxolle ao bispo compostelá Frei Rafael de Vélez (Manuel José Anguita Téllez) o nomeamento de Frei Leandro Hevia González para facerse cargo da parroquia de Lérez (Crisanto Rial: 2008, 50) e o arcebispo o confirma como párroco de San Salvador de Lérez e o encarga de manter a igrexa e o que quedaba do convento lerezán.

Frei Leandro Hevia González era natural da parroquia de Nembro (Concello de Gozón, en Asturias) e profesara como freire en San Juan de Burgos o 5 de abril de 1819. Do seu papel como cura pouco transcendeu e o iremos vendo mesturado co seu labor social e ata coas peripecias persoais.

Nesta data aciaga de 1835 o mosteiro de Lérez tivo o seu particular "Anxo da Garda" na figura de D. José María Santos[14], á sazón encargado de facelo inventario dos bens a expropiar, que fixo un pouco a vista gorda, tal como recoñecería D. Leandro anos despois[15].

E tal como recolle D. Crisanto Rial no libro "El Monasterio de Lérez y su colegio de artes" así como na web parroquial[16]: *"Luego vendría la soledad a la Abadía, el silencio a su claustro y, lo que es peor, el saqueo y la ruina. Desaparecieron los cálices, copones, las vestiduras litúrgicas, la biblioteca con los valiosísimos pergaminos y libros antiguos (no se olvide que el Padre Feijoo, como recuerdo de sus años de Profesor en Lérez, había donado a su Monasterio doscientos*


Rafael Velez

12 *En canto ao número de bieitos no mosteiro que se citan ao longo da bibliografía cabe destacar: Ano 1494... 6, 1499...3, 1823... 16, 1835... 12 e 1836... 3.*

13 *Dedicados aos labores manuais, man de obra, etc. que tiñan a liturxia das horas.*

14 *Foi Presidente da Xunta Local de Pontevedra (1843 e 1846), Membro da Xunta Central Galega, ía en moitas das candidaturas para deputado polo partido Liberal Progresista,...*

15 *La España, Madrid, 1848, 22/10/1848, n.º 160, p. 4*

16 *http://www.sanbenitodelerez.com/contactos/el-monasterio/historia-del-monasterio/capitulo-vi-triste-final-de-la-vida-conventual-en-el-monasterio-de-lerez/#comment-522*



libros; y el Padre Sarmiento también le había regalado trescientos libros escogidos): todo eso desapareció, lo mismo que los archivos. También fue saqueada la botica con sus recetas medicinales. Y hasta se llevaron las piedras de tres alas del claustro, las losas del piso de la cocina, del refectorio, de la sala capitular, etc." e por quedar ata quedou sen as rendas que percibían duns dez concellos de Pontevedra (Vallejo Pousada: 1993, 22).

Durante máis de dúas décadas dáse un período de grande inestabilidade política, social e económica. A alternancia, e ata cohabitación, entre políticos de distintas sensibilidades é unha constante o que leva que haxa un exilio rotativo entre os dirixentes e moitos partidarios das tendencias liberais dominantes (moderados e progresistas).

O inicio do goberno de Espartero (Duque de la Victoria) en 1840 foi quizais un punto de inflexión no facer político do párroco Leandro Hevia que evolucionou non tanto sentíndose atraído polo pensamento liberal progresista deste como achegándose aos que si o personificaban no ámbito provincial. Por estas datas hai constancia do carisma que Frei Leandro tiña entre os seus fregueses e así o temos como comisionado[17] polos veciños de Lérez para que os represente nunha reunión no Concello de Pontevedra para tratar a segregación das dez parroquias que o compuñan. Esta xuntanza foi a xénese da división de Pontevedra en catro novos concellos: Alba (no que estaba Lérez), Mourente, Salcedo e Pontevedra (Benigno García: 1998).

No 1844 cando os liberais moderados de Narváez toman o poder, Espartero e moitos esparteristas-[18]teñen que marchar cara o exilio. A pesar de que Narváez permitiu o regreso do seu prelado, Frei Vélez, de que sacou a Lei de dotación de culto e clero co que se devolvía a igrexa as propiedades e dereitos que non foran vendidos, etc. desexos e actitudes que eran concordantes co pensamento da maioría do clero e da cúpula relixiosa, Frei Leandro non se manifestaba publicamente con estes pois, entre outras cousas, a Constitución de 1845[19] suspendera o decreito de reunión, restrinxía principios democráticos (Lei de imprenta), etc.

17 *"... e Felipe Arrivas. Estes acudirán, xunto cos demais representantes, á sesión do concello de Pontevedra do 26 de agosto de 1841 na que se trata o asunto. Nesta ocasión acórdase que o actual concello de Pontevedra se reconverta en catro novos concellos..." Benigno García "O antigo concello de Alba" na revista CEDOFEITA nº 5, 1998.*

18 *Como o galego Ramón Buch.*

19 *Substituíu á de 1837 que foi reformadas pola Cortes e non por un proceso constituínte.*

No mes de xaneiro de 1848, a partir da chegada do exilio inglés de Espartero[20], vemos que os liberais progresistas de moitos lugares da xeografía española deron parabéns publicamente a este utilizando xornais como El Eco del Comercio:

"*Los liberales de Pontevedra felicitan a V.E. con la más tierna efusión de su alma por el suspirado regreso de V. E.; y solo les es dado hoy, en prueba del sincero afecto que le procesan, ofrecerle como honrados liberales y amantes de su Reina, su débil cooperación, si precisa fuese, para afirmar más y más los sagrados objetos de que V. E. Ha sido siempre Ángel tutelar: que son Isabel II constitucional, libertad e independencia de la nación.*

Dignaos, pues, Excmo. Sr., acoger esta ingenua manifestación y los más cumplidos parabienes de los liberales que subscriben, como el único obsequio que pueden ofrecer al héroe de Luchana[21], al ilustre senador del reino, al honrado liberal, hijo predilecto del pueblo español. Pontevedra 20 de enero de 1848" (El Eco del comercio, 29-1-1848, n.º 1.637 p. 3)

Seguen ao texto máis dun cento de nomes de liberais pontevedreses entre os que non aparece explicitamente Frei Leandro mais si teríamos que destacar que polo menos a cinco deles se lle atribuíron como próximos a el. Estes eran: José Mª Santos, José Ignacio Tiscar, Manuel Ángel e Pedro Couto, Diego Villar,... e todos están nos primeiros postos da lista. Esta relación, que el negaría de forma tallante, o levou a caer preso acusados de conspiración:

"*Tiempo hace que el jefe político y el comandante general celebraban juntas frecuentemente. Lo que se creía entre los hombres pacíficos era que estaban*

20 *O fixera a finais do 1847.*

21 *Na primeira Guerra Carlista, batalla pola que Espartero expulsou aos carlistas de Bilbao na Noiteboa de 1836.*


EDICION DE MADRID.


EL CLAMOR PUBLICO.

PERIODICO DEL PARTIDO LIBERAL.

PRECIOS DE SUSCRICION.

PUNTOS DE SUSCRICION.

NUMERO 1408. DOMINGO 28 DE ENERO DE 1849. FUNDADO EN 1844.


EDICION DE MADRID.

LA PATRIA.

adoptando sigilosas disposiciones en vista de la conspiración descubierta en la Coruña, y antes de esto porque se temía ya algún trastorno. Tantos preparativos y tantas precauciones tenían a los hombres comprometidos de la situación en ansiedad y alarma, porque nada sabían. Los resultados venían a sacar de dudas a todos, pues en la mañana del día de ayer[22] *sin que nada se supiese, ni trasluciese, nos encontramos sorprendidos con la prisión de los progresistas de la adjunta lista, todos a una misma hora y tan solamente se les escapó uno de los que fueron a arrestar.*

A las doce de la noche fueron convocados a la habitación del jefe el comisario de policía, el comandante de la guardia civil, el de carabineros, el de fuerza militar de Aragón, el secretario del gobierno político y algunos oficiales, donde ya estaba el intendente, el comisario general y su ayudante, quienes se dirigieron al cuartel de Santo Domingo, fuera de murallas. Allí se encontraba la fuerza suficiente de guarda civil, de línea, carabineros, y salvaguardias. Se distribuyó esta fuerza a las órdenes de cada una de sus autoridades, y a una hora misma salieron, rodearon las casas, y fueron arrestados los expresados individuos. En la misma noche salió un oficial del gobierno político en caballería a prender otro hermano de los dos Contos de aquí legua y media, pero se fugó. El día de ayer estuvieron presos todos en San Francisco y el cuartel de Sto. Domingo, hasta que a las diez de la noche se les intimó se dispusiesen para salir a Vigo, como salieron para aquel castillo, escoltados por la guardia civil a las cuatro y media de la mañana de hoy. Esta tarde también salió para el mismo castillo de José Romero y Ron, de la villa de Cambados, escribano de número de aquel juzgado, que allí figura como uno de los progresistas más ardientes.

He aquí la lista de los presos:

D. José María Santos, presidente de la junta del año de 1843 y 1846
D. Manuel Rodríguez, vice-presidente de 1846.
D. Manuel Ángel Couto, abogado, individuo y secretario de 1846.
D. Diego Villar, escribano individuo de la propia junta.
D. José Tiscar, teniente coronel retirado, y comandante general nombrado por la junta de 1846.
D. Pedro Couto, hermano dedon Manuel, cirujano, todos emigrados que vinieron de Portugal á consecuencia del indulto.
José María Fariña, carpintero.
D. N. Mucientes, que fue el postillón y corredor de la junta de 1846.
Se escapó D. Manuel Canido.
El cura de la parroquia de Lérez, D. Leandro Hevia, monge benedictino, que vivía en el mismo convento, en donde se reunían algunas veces varios progresistas de este pueblo.
D. José Romero y Ron, secretario de número del juzgado de Cambados."

(La España, Madrid. 1848, 5-10-1848, n.º 145, p. 2)

(El Observador,Madrid. 1848, 6-10-1848, n.º 222, p. 1)

A raíz desta detención o mesmo Leandro Hevia envía dende o seu cativerio, na prisión do Castro-Vigo, un Comunicado a os xornais *La España* e a El Católico desvinculándose da trama na que se viu involucrado:

"Señores redactores de la España: En el número 145 de su apreciable periódico, el corresponsal de Pontevedra al comunicar el arresto de las personas que califica con el nombre de socialistas, asegura que en mi casa se reunieron algunas veces sus principales magnates; pretendiendo así justificar en cierto modo la extraña vejación de que he sido también víctima. Y como este aserto pudiera perjudicarme notablemente en la crítica situación en que me hallo, quisiera merecer de la bondad de Vds. Se sirviesen hacer notorio en el mismo periódico 'que ni uno solo de los nueve arrestados en la noche del 26 al 27 de setiembre ha pisado siquiera una vez el umbral de mi habitación, si se exceptúa el señor Santos, con quien, por motivos muy honrosos para el, me ligan vínculos de gratitud desde que hizo el inventario del monasterio á que he pertenecido; que mi conducta pública es harto conocida en la parroquia confiado á mi cuidado, tanto como en la capital de la provincia; que de la opinión que de esa conducta puede haberse formado, paréceme que ni mis parientes, ni mis

22 *27 de setembro de 1848*



amigos, ni cuando en el lustre de mi nombre se interesen, tendrán por qué avergonzarse. Castillo del Castro 15 de octubre de 1848.- Leandro Hevia y González, cura de Lérez."

(La España, Madrid. 1848, 22-10-1848, n.º 160 p. 4)
(El Católico,Madrid. 1848,26-10-1848, p.3)

Un mes despois da súa detención vemos recollido no xornal *El espectador* (10-11-1848, p.2) que na mañá do 31 de outubro chega ao porto de Vigo, procedente de A Coruña, o vapor *Málaga* fretado por "*aquellas autoridades para conducir a Cádiz algunos presos políticos de allí, y de paso tomaron en esta ciudad los once procedentes de Pontevedra, que se hallaban en el castillo del Castro más de un mes, sin que les hubieran tomado declaración alguna, ni manifestado el motivo que justificase su prisión.*"

Na noite dese mesmo día sen ningún tipo de miramentos foron conducidos por "*calles poco transitadas, en medio de una guardia respetable, y casualmente cuando más llovía fueron metidos a bordo*" sen máis recursos que coas roupas "*que se usan ordinariamente en una prisión*".

De D. Leandro Hevia indícasenos que estaba encamado gravemente enfermo e que "*con las manos erguidas al cielo pedía que se condoliesen de su situación y le dejasen siquiera convalecer su salud algunos días [...] ...se les hizo marchar en el estado en que estaban, y el citado cura párroco, bajó del castillo y fue embarcado en los brazos de dos paisanos porque no se tenía de pie*".

Tamén se fai fincapé que os rumores que chegaban a Pontevedra por esas datas era que aínda que o barco partira en dirección a Cádiz, a onde chegou o 17 de novembro, o seu destino final serían as Filipinas. En Cádiz foron conducidos ao Penal de la Cuatro Torres ou de La Carraca, e o mesmo xornal que dá a noticia apunta a posibilidade de que o día 19, día do santo da raíña haxa un decreto de amnistía como así ocorreu saíndo un Real Decreto concedendo indulto xeral na Gaceta do 19/11/1848.

No mes de xaneiro xa vemos noticias informando da liberación destes pontevedreses:

"Han pasado por fin los días de tribulación, de lágrimas, de amargura y de terror para este sufrido pueblo que tantas violencias, tantas injusticias y tantas arbitrariedades ha presenciado durante el espantoso período que acabamos de atravesar. [...] Confinamientos, prisiones, destierros, deportaciones, en todo han querido hacer un ensayo estas autoridades, sin reparar ni consideración de ninguna clase [. . .] Entre éstos ha llegado D. Leandro Hevia, cura párroco de Lérez, sujeto de las más recomendables cualidades. En los aciagos días de tanta persecución fue arrebatado este buen pastor de su tranquilo retiro para meterle en un encierro, mandarle después a un castillo y embarcarle por último para Cádiz con el fin de hacerle viajar á Filipinas, cuando por efecto de su quebrantada salud se hallaba casi a las puertas de la muerte. Gracias a su buena suerte y á respetables influencias, este digno eclesiástico ha entrado en su parroquia en medio de la más completa ovación por parte de sus feligreses que con corazón leal y lágrimas de placer, le recibían apellidándole el padre de los pobres, título precioso que ha sabido merecer por su bondad y sus evangélicas virtudes"

(El Clamor público, 28/01/1849, p. 3)

No aire quedan unha morea de interrogantes sobre os por que da detención do párroco Leandro Hevia pero reflexións nese sentido tamén fixeron os se coetáneos tal como:

"Cuando hace cuatro meses hemos visto arrestar al señor don Leandro Hevia y González, digno cura de San Salvador de Lérez, una persona tan respetable por su carácter y talento como amable por su natural dulce y benéfico (de cuyos labios en la sagrada cátedra jamás salían sino palabras elocuentes de caridad, paz y fraternidad evangélicas). Hemos supuesto desde luego, que había sido sorprendida la autoridad política por alguna delación calumniosa; hoy que después de sus trabajos y prisiones sufridos con la conformidad y resignación que inspiran siempre la virtud y la inocencia, al paso que denotan su espíritu magnánimo, le

volvemos á ver restituido á su hogar, y amados parroquianos que tan extremada y públicamente le lloraron, como ahora, se gozan de su venida; hoy repetimos, no podemos dejar de confirmarnos en la misma suposición de que pudo haber sido víctima de alguna intriga, por la cual, como hemos ya expresado, fuese sorprendido el celo y buena fe de las autoridades..." (*La Patria*, 17/02/1849, p. 4)

A partir desa triste experiencia D. Leandro desaparece dos medios públicos ata que no ano de 1858 publícase na Imprenta do Boletín de Pontevedra un "*Dictamen de D. Leandro Hevia sobre un protectorado de Agricultura intentado por el Excmo. Sr. D. José Mª Manresa y Sánchez*" e un século máis tarde cítase a súa faceta de científico cando se menciona, falando das farmacias ou boticas monasteriais, que "*aínda non se ten noticia se existiu farmacia nesta abadía, sospeitamos que si a tivo e tal vez rexentada polo P. Hevia, pois pola súa condición de rexente, e ben puidera ser de boticario, ...*" [23]

No ano 1863, morreo P. Leandro Hevia e queda vacante o curato da parroquia de Lérez. Pola Real Orde de 24 de marzo de 1864 a raíña aproba as propostas elevadas polo cardeal arcebispo para a provisión de curatos vacantes entre os que aparece Frei Juan Arribas[24] para San Salvador de Lérez.

Politicamente, a diferencia do seu antecesor, foi un firme defensor e sustentador dos ideais carlistas proba do cal a podemos ver polo menos dende 1869 a 1873, e non unha nin dúas senón máis de cinco veces nas listas[25] como donante en favor dos presos carlistas cun montante de entre 20 e 22 reais cada vez.

23 *Anais da Real Academia de Farmacia. 1966. Volumes 32-33 páx. 45*

24 *Frei Juan Arribas nado en Combarro, profesou no mosteiro beneditino de Santa María la Imperial de Obarenes (concello de Encío, Burgos) no 1831.*

25 *El pensamiento español do 14-12-1869, 28-08-1873, etc.*

Foi o último freire que exerceu de cura párrocona parroquia de San Salvador de Lérez non sen antes de vivir un intento[26] de que o mosteiro volvera a ter vida monacal. Intentouse durante dous anos que funcionara como priorado dependente de Samos: "*Aunque le ayudaron desde Samos con personal, la falta de edificios, arruinados después de abandonarlos el Convento, impidió la restauración y que se pensara aprovecharle para Colegio, como lo había sido anteriormente*" (Fausto Curiel:1916, 152). O certo deste intento, máis que de refundación, foi unha busca dos irmáns Mons. Rosendo Salvado e o Pai Santos ambos con obra misioneira en Australia e que andaba á busca dun convento para montar un colexio "*que debía proveer necesariamente de algún medio seguro a la estabilidad de su magna empresa y su continuación después de sus días*"[27] (Fausto Curiel:1916, 150)

Outra explicación que dá Ernesto Zaragoza é que os monxes por non ter cedido "*la huerta retornaron a Samos poco después, al mando de su prior el P. Santos Salvado*" (Ernesto Zaragoza, 1994: 409).

En agosto de 1886 morre Frei Juan Arribas[28] e con el desaparece definitivamente toda relación/pertenza do mosteiro/parroquia de Lérez con calquera orde relixiosa e, máis concretamente, coa Congregación de S. Benito de Valladolid[29].

Bibliografía

Anales de la Real Academia de Farmacia, vol. 32-33, 1966

Benedicto XV, (1918): «Codex iuris canonici», Typis Polyglottis Vaticanis,

26 *Outro intento fallido o faría o arcebispo Quiroga Palacios a mediados do s. XX.*

27 *Intentárono noutros mosteiros como Samos, Silos e finalmente Montserrat.*

28 *La Unión do 14-8-1886.*

29 *Da que dependía, por bula pontificia, dende 1570, data na que sería "o derradeiro mosteiro bieito de Galicia en facelo" (Pérez Rodríguez: 2008, 82).*

CURIEL, Fausto, (1916): «Mons. Rosendo Salvado, O.S.B.», Revista montserratina, 4/1916, n.º 112 :150-154.

Enciclopedia Universal ilustrada europeo-americana...., (1932) Espasa-Calpe:116

ESTEVEZ SOLLA, X. Lois e ÁLVAREZ CASTRO, Xosé, (1998): Revista CEDOFEITA nº 2 «O mosteiro de Lérez».

GARCÍA, Benigno, (2001): Revista CEDOFEITA nº 5 «O antigo concello de Alba», 1998

LÓPEZ MORÁN, Beatriz, (1995): «El Bandolerismo Gallego En la primera mitad del siglo XIX», Ediciós Do Castro: 183

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Xurxo, (2015):«La Oliva (1856-1857). Un xornal galeguista e progresista na soleira do Resurdimento», Tese doutoral. Dep. De Filoloxía Galega e Latina. Universidade de Vigo.

ODRIOZOLA, Antonio, (1989):«Las imprentas de Pontevedra en el siglo XIX», Deputación de Pontevedra: 8

PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier, (2008): «Mosteiros de Galicia na Idade Media (s. XII-XV)»,Deputación P. Ourense: 82

RIAL LÓPEZ, Crisanto, (2008),«El Monasterio de Lérez y su colegio de artes», Edit. Monasterio de Lérez.

VALLEJO POUSADA, Rafael. (1993): «A desamortización de Mendizábal na provincia de Pontevedra, 1836-1844», Deputación Provincial de Pontevedra.

ZARAGOZAIPASCUAL,Ernesto.(1994):« Abadologio del monasterio de San Salvador de Lérez (siglos XVI-XIX)»,Museo de Pontevedra,48:405-436.

ZARAGOZAIPASCUAL,Ernesto. (2002):«Profesores del colegio benedictino de San Salvador de Lérez (1661-1835)»,Museo de Pontevedra, 56:181-190.

Web oficial da Parroquia Divino Salvador de Lérez: http://www.sanbenitodelerez.com/

Xornais/Revistas:

Cedofeita: nº 2 (1997) e nº 5 (1998)

El Clamor público, 28/01/1849, p. 3.

El Católico, Madrid, 26/10/1848, p. 3.

Diario constitucional de Palma, 17/11/1848, p. 3

Gazeta de Madrid nº 211 (29/07/1835) pp. 841-842; nº 444 (10/03/1836) pp. 1-3; nº 2698 (28/02/1842) p. 1; nº 3621 (13/08/1844) pp. 1-2; nº 4761 (27/09/1847) p.2; nº 4955 (08/04/1848) p. 1; nº 5181 (19/11/1848) p.1

El Eco del comercio, 29/01/1848, n.º 1.637, p. 3.

La España, Madrid,05/10/1848, n.º 145 p. 2

El Espectador, Madrid, 10/11/1848, p. 2

El Observador de Madrid. 06/10/1848, n.º 222, p. 1.

La Patria, Madrid, 17/02/1849, p. 4

El pensamiento español do 14-12-1869, 28-08-1873

La Unión do 14-8-1886